



A) PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á MODIFICACIÓN DE DETERMINADA DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE PONTEVEDRA NOS CONCELLEIROS.

O día 13 de xuño de 2015 procedeuse por acordo da Xunta de Goberno Local a delegar determinadas competencias nos concelleiros e directores xerais.

Entre outras delegouse na concelleira María do Pilar Comesaña Hermida, a competencia para o outorgamento, denegación e modificación de licenzas en materia de tenencia de animais potencialmente perigosos. Como consecuencia da actividade normal desta administración considerase singularmente necesaria a modificación deste acordo de xeito que a dita competencia se delegue no concelleiro que ten delegada pola Alcaldía a competencia para a inscrición e modificación no rexistro municipal de animais potencialmente perigosos.

Así mesmo, en aras de acadar unha maior axilidade na tramitación dos expedientes de contratación, considerase necesario engadir unha delegación as delegacións do concelleiro responsable da Área de contratación e facenda.

O artigo 127 da Lei 7/1985 reguladora de bases de réxime local establece a posibilidade de que a Xunta de Goberno Local delegue nos membros aos que fai referencia no seu apartado segundo. Así mesmo, o Regulamento Orgánico do Goberno e da Administración do Concello de Pontevedra prevé esa posibilidade no seu artigo 22.

A vista do anterior a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Modificar o acordo de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local do Concello de Pontevedra de data 13 de xuño de 2015 de conformidade co seguinte:

- a) Revogar a delegación da competencia relativa ao outorgamento, denegación e modificación de licenzas en materia de tenencia de animais potencialmente perigosos en dona María do Pilar Comesaña Hermida.
- b) Delegar en don Vicente Garcia Legísima, concelleiro responsable da Área de Persoal, Réxime Interior e Patrimonio a competencia para o outorgamento, denegación e modificación de licenzas en materia de tenencia de animais potencialmente perigosos.
- c) Delegar en don Raimundo González Carballo a competencia para a aprobación dos plans de devolución de acopios.
- d) A Xunta de Goberno Local, en calquera momento, poderá asumir as atribucións delegadas por este acordo, sen prexuízo de poder avogar en calquera momento as competencias delegadas de conformidade coa lexislación vixente sobre procedemento administrativo común.
- e) O concelleiro delegado non poderán delegar nun terceiro as atribucións que lle confire a Xunta de Goberno Local.
- f) Os actos ditados polo concelleiro delegado, no exercicio das atribucións delegadas, enténdense ditados pola Xunta de Goberno Local, segundo corresponda á delegación, atribuíndose expresamente ao concelleiro delegado a resolución dos recursos de reposición interpostos contra os actos por eles ditados.
- g) A precedente delegación deberá ser aceptada por parte do concelleiro, entendéndose aceptada tacitamente se no prazo de tres días hábiles non hai expresa manifestación rexeitando a delegación.

Segundo.- Notifíquese a presente resolución, persoalmente, ós señores Concelleiros interesados, dese conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que celebre, e publíquese no Boletín Oficial da Provincia, todo elo sen prexuízo da súa efectividade dende a súa aceptación.